

ACTA NUMERO OITO CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE MAIO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vinteseite de maio de dous mil réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perala**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D^a María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2000.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria do día 29 de abril de 2000, que se aproba por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS: ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á CARTA DE AALBORG, CARTA DAS CIDADES PARA UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE.

Dáse conta de proposta da Tenente de Alcalde Delegada da área de Medio Ambiente, do teor literal seguinte:

O movemento de cidades e poboacións sustentables xorde a partir do Cumio da Terra (Conferencia das Nacións Unidas sobre Ambiente e Desenvolvemento), celebrado no Río de Janeiro en 1992. Un dos documentos aprobados neste Cumio polos 173 gobernos asistentes foi a Axenda 21, un plano de acción no que se establecen múltiples medidas e estratexias tendentes á consecución dun desenvolvemento ecoloxicamente sustentable no século XXI.

O capítulo 28 da Axenda 21 propón a creación de Axendas 21 Locais para avanzar cara a sustentabilidade.

Esta iniciativa de poboacións e cidades sustentables está

sendo impulsada a nivel internacional polo Consello Internacional para as Iniciativas Ambientais Locais (The International Council for Local Environmental Initiatives, ICLEI), a axencia ambiental do IULA (International Union of Local Authorities).

A CARTA DE AALBORG

En 1994 celebrouse na cidade dinamarquesa de Aalborg a primeira Conferencia Europea de Cidades Europeas Sustentables, organizada polo ICLEI e patrocinada pola Comisión Europea.

Nela 80 municipios asinaron unha declaración programática chamada Carta das Cidades Europeas cara á sustentabilidade, coñecida tamén como carta de Aalborg. Posteriormente celebráronse conferencias de poboacións europeas sustentables en Lisboa (1996) en Hannover (1999).

A Carta de Aalborg está dividida en tres partes. Na primeira expónse a filosofía básica da Carta e explícase o concepto de sustentabilidade a nivel local. Na segunda fálase da Campaña Europea de Cidades e Pobos Sustentables. Na terceira recóllese o compromiso das poboacións asinantes da Carta de tratar de chegar a un consenso nas súas comunidades sobre unha Axenda 21 de carácter local.

Atendendo ó exposto, previo dictame da Comisión Informativa municipal de Urbanismo, esta Tenencia de Alcaldía, formula ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

A Corporación municipal de Pontevedra acorda adherirse á Carta das Cidades e dos Pobos Europeos cara a sustentabilidade (Carta de Aalborg), asumindo como propios os criterios de actuación de cara a un desenvolvemento sustentable contidos nela e, en consecuencia, comprometerse a iniciar o proceso de implantación dunha Axenda 21 Local. Neste camiño o primeiro paso será a elaboración no ano 2000 dun Plano de Actuación Ambiental.

Aberto o debate, concédese a palabra a dona María Carmen da Silva Méndez, Tenente de Alcalde delegada da área de medio ambiente, a cal manifesta que o movemento dos pobos e das cidades para a sustentabilidade xurde a partir do cumio da terra que tivo lugar na cidade de Río de Xaneiro no ano 1992, neste cumio organizado polas Nacións Unidas reflexionouse sobre a necesidade de adoptar medidas tendentes á consecución dun desenvolvemento sustentable, entendendo como tal aquel que satisfai as necesidades das xeracións presentes sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas, é dicir, en agota-los recursos; un dos documentos aprobados no cumio de Río foi a Axenda 21 que é un plano de acción para lograr un desenvolvemento ecoloxicamente sustentable no século XXI, o capítulo 28 desta Axenda 21 propón a creación das axendas 21 locais adaptando as medidas xerais á realidade concreta de cada comunidade local; a raíz deste documento celebrouse no ano 1994 a primeira conferencia de cidades europeas cara á sustentabilidade, nesta conferencia asinouuse unha declaración programática chamada carta europea das cidades cara á sustentabilidade, coñecida como Carta de Aalborg, porque foi nesta

cidade dinamarquesa onde tivo lugar a conferencia; un dos principais obxectivos da Carta de Aalborg é o logro dunha maior xustiza social incidindo en todos aqueles aspectos que fagan posible a consecución deste obxectivo e a necesaria implicación de tódolos sectores sociais para acadalo, é pois unha invitación á reflexión e a participación nun proceso de desenvolvemento que garanta o futuro; o próximo día 5 de xuño terá lugar o día mundial do medio ambiente, hay que entender estas datas como momentos para reflexionar sobre o traballo feito e para marcarse novos retos de cara ó futuro, non como días nos que facer un traballo puntual, xa que desvirtuarían a súa importancia e esta concepción está directamente relacionada co contido da Carta de Aalborg; no Concello de Pontevedra existe dende hai moito tempo unha forte conciencia ecolóxica e un fonda preocupación social sobre a necesidade de actuar de forma decidida naqueles aspectos que potencien e melloren o medio, nesta liña lévase traballando no concello moito tempo, facendo un forte investimento, por exemplo, en saneamento; a liña de traballo marcada na actualidade é moi ambiciosa no aspecto de poñer en valor o medio conxugando as actuacións das distintas áreas para conseguir este obxectivo, unha das prioridades marcadas é lograr o saneamento integral do sistema marítimo-fluvial río-ría, para o que se van adicar a totalidade dos fondos de cohesión; así mesmo na mesma liña da Carta de Aalborg estase a traballar decididamente na mellora do medio urbano e rural e abrindo cauces importantes de participación social coa constitución dos distintos consellos de participación tanto territoriais como sectoriais, así pois a adhesión do Concello de Pontevedra á Carta de Aalborg co compromiso de por en marcha un plano de acción ambiental significará a continuidade do traballo que se ven facendo dando un paso máis na asunción dos principios básicos de corresponsabilidade e participación para a mellora da calidade de vida, terá ademais unha consecuencia moi importante que é poñer ó Concello de Pontevedra no mesmo plano que as cidades e os pobos máis avanzados a nivel internacional no traballo para un desenvolvemento sustentable, esta adhesión integrará ó Concello de Pontevedra na rede europea de cidades sustentables na que hai xa máis de catrocentos concellos europeos, facilitando o acceso á información, posibilitando un mellor e maior aproveitamento dos recursos dispoñibles, neste sentido a comisión europea está a estudar a posibilidade de discriminar positivamente aquelas cidades inmersas nun proceso de axenda 21 de cara á consecución de fondos europeos, así pois e dada a grande importancia que para este concello terá a adhesión á Carta de Aalborg solicita a unanimidade neste punto, agradecendo de antemán se se produce, como así o espera, pois un dos aspectos nos que máis incide a Carta de Aalborg é a necesidade de imprecación e consenso de tódolos sectores sociais para acadalos seus obxectivos, que non son outros que a mellora da calidade de vida presente, futura e o logro dunha maior xustiza social.

Seguidamente intervén don Roberto Taboada Rivadulla, por-

tavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, simplemente para dicir que su grupo, tal como ya di-
jo en la comisión, va a votar a favor de esta adhesión, porque
coincide plenamente el texto que se va a aprobar con los plan-
teamientos que tiene su programa electoral.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade
e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal
de Urbanismo, acorda aproba-la proposta nos seus propios ter-
mos.

3.- COMISIÓN ESPECIAL PARA A DETERMINACIÓN DOS LÍMITES DO CONCELLO: DESIGNACIÓN DE NOVOS MEMBROS.

Examinado o escrito remitido polo Servicio de Deslindes e
Grandes Escalas dependente da Dirección Xeral do Instituto
Xeográfico Nacional do Ministerio de Fomento no que se informa
que técnicos do devandito instituto se acudirán o vindeiro día
8 de xuño, á Casa do Concello de Marín, ó obxecto de concluír
as actuacións relativas ó expediente de deslinde entre os con-
cellos de Marín e Pontevedra, debendo acudir os representantes
de ambos concellos debidamente autorizados para expoñer os
seus criterios ó respecto, e vista a proposta da Alcaldía, de
data 26 de maio de 2000, sobre o nomeamento dos membros da co-
misión especial que, en representación deste concello, deberá
participar nas actuacións que se leven a cabo para a determi-
nación da liña límite xurisdiccional entre os concellos de Ma-
rín e Pontevedra, toda vez que parte dos integrantes da ante-
rior comisión especial cesaron como concelleiros debido á
constitución da Corporación Local resultante das eleccións mu-
nicipais que tiveron lugar o día 13 de xuño de 1999.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda nomear co-
mo integrantes da Comisión Especial para a determinación da
liña límite xurisdiccional entre os termos municipais de Marín
e Pontevedra ás seguintes persoas:

Presidente:

Titular: Don Miguel Anxo Fernández Lores.

Suplente: Don Xosé Luis Veiga Lage.

Vocais:

En representación do grupo municipal do Partido Popular:

Titular: Don José Benito Suárez Costa.

Suplente: Don Francisco Arturo Pichel Márquez.

En representación do grupo municipal do BNG.

Titular: Don Miguel Anxo Vázquez Plaza.

Suplente: Don Xosé Luis Bará Torres.

En representación do grupo municipal do PS. de G-PSOE:

Titular: Don Roberto Taboada Rivadulla.

Suplente: Don Guillermo Meijón Couselo.

Como técnico municipal actuará o Enxeñeiro Don Enrique
García Quintela.

Secretario

Titular: Don Adolfo Castro Pérez (Vicesecretario).

Suplente: Don José García Mon (Xefe do Servicio de Urba-
nismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico).

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G-PSOE SOBRE A

CONSTRUCCIÓN POLA XUNTA DE GALICIA DUNHA RESIDENCIA ASISTIDA PARA MAIORES DEPENDENTES, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Dáse conta de Moción dos Concelleiros do grupo municipal do P.S. de G-PSOE, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O incremento de esperanza de vida xunto co fenómeno do envellecemento masivo da poboación, unido á incorporación da muller ó mundo laboral, evidencian que cada vez hai un maior número de anciáns gravemente discapacitados nos que o nivel de atención e o elevado custo económico desta, xera unha situación insostible, máxime en casos de carencia familiar.

Só no Concello de Pontevedra, dun total de poboación de 76.667 persoas, 11.570 teñen 65 ou máis anos, o que representa algo máis do 15%. A maioría destes son válidos, viven na súa casa ou con familiares. Pera hai moitos que presentan enfermidades crónicas con agudizacións transitorias ou enfermidades terminais que precisan de ingreso nun Hospital Xeriátrico.

En Pontevedra só hai unha Residencia asistida e algún proxecto, pero en tódolos casos de titularidade privada, á que só poden ou poderán ir persoas con recursos económicos suficientes. A única residencia para a Terceira Idade de que dispón a Administración autonómica é para anciáns que se valen por si mesmos e está totalmente saturada e con lista de espera.

Fronte a esta situación as Residencias Asistidas son establecementos destinados a prestar unha atención integral a aquelas persoas maiores nas que a súa situación de dependencia por mor das súas discapacidades e ou falla de apoios formais ou informais, impídalles ser atendidas por outros medios normalizados.

Por todo o exposto, o grupo municipal do P.S. de G-PSOE no Concello de Pontevedra, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno da Corporación Municipal de Pontevedra insta á Xunta de Galicia para que acorde a construción dunha Residencia Pública Asistida para maiores dependentes no Concello de Pontevedra.

2.- O Concello de Pontevedra poñerá a disposición da xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción do devandito Centro.

Aberto o debate, intervén dona María Teresa Casal García, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que en primeiro lugar quere agradecer-la unanimidade que se produciu no seo da comisión a favor desta iniciativa presentada polo seu grupo e pensa que non podía ser doutro xeito posto que o que se pretende con esta moción é mellora-la calidade de vida dos nosos maiores e pensa, como así resultou, que todos son sensibles ós temas que afectan ós maiores e á calidade de vida e ós beneficios sociais que podan acadar. O panorama en Pontevedra con respecto á poboación de persoas de 65 anos ou máis está nunha porcentaxe de pouco máis do 15%, do total 76.667 persoas 11.570 teñen 65 ou

máis anos, naturalmente non todas estas persoas están con problemas de discapacidade, hai moitas que viven nas súas casas cos seus familiares perfectamente atendidas, pero tamén hai outras moitas que por mor destas tremendas enfermidades, como pode ser a demencia senil, o Alzheimer ou o Parkinson, non teñen axuda e incluso, como todos sabemos, se teñen axuda familiar estes familiares acaban tendo que ser tamén axudados á súa vez polo dificultoso que é o coidado destas persoas; en canto ó panorama de asistencia ou de atención a estas persoas, en Pontevedra só hai unha residencia de titularidade privada que acolle a persoas con estas doenzas, hai tamén unha residencia da terceira idade que é de titularidade pública da Xunta de Galicia pero que só acolle a persoas que poden valerse por si mesmas, polo tanto en ningún dos dous casos se soluciona este problema. Unha residencia asistida en realidade é un establecemento destinado a prestar unha atención integral ás persoas maiores, ás que a súa situación de dependencia por mor das súas discapacidades e a falla de apoios formais ou informais impídelle ser atendidas por outros medios normalizados, ante este panorama o que o grupo municipal socialaísta propón é que se acorde instar á Xunta de Galicia para que acorde a construción dunha residencia asistida de titularidade totalmente pública para maiores dependentes no Concello de Pontevedra e pola súa banda que o Concello de Pontevedra poña a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construcións desta residencia.

A continuación intervén dona María dos Anxos Riveiro Portela, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que é un feito constatado hoxe en día que cada vez hai máis persoas maiores que teñen problemas físicos e psíquicos que por un lado lle impiden levar unha vida autónoma e por outro obrigan ás familias a unha atención en moitos casos sacrificada sobre todo polos cambios sociais que está a produci-lo traballo, o coidado dos fillos, o alonxamento familiar, etc., neste caso se producen dúas consecuencias, primeiro que estas persoas maiores non poden ser atendidas correctamente e en segundo lugar tampouco poden ser ingresadas en residencias privadas debido ó seu alto custo e tamén a que, como todos saben, as pensións en Galicia son as máis baixas de todo o estado español; en Galicia pódese dicir que hai sobre unhas 700 persoas en lista de espera para poder acceder a unha residencia da terceira idade, a Xunta de Galicia hai anos que non constrúe unha residencia, o que fai e facer políticas paliativas, é dicir, converter prazas existentes en asistidas como dicen que van facer coa residencia de Campolongo que van crear unha serie de prazas para estes casos, ou concertar en residencias privadas un número de camas determinado; en xaneiro do dous mil a unha pregunta realizada pola deputada Salomé Álvarez no Parlamento galego na que se interesaba polas intencións da Xunta de Galicia de construír unha residencia en Pontevedra, a resposta foi que podería ser viable, este termo condicional non sirve á vista das necesidades de prazas para

atender a estas persoas de Pontevedra e tamén dos concellos máis próximos, é por iso que por este goberno municipal vaise requirir un compromiso firme da Xunta de Galicia para construír unha residencia pública e polo tanto apoia a moción presentada polo Partido Socialista.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

5.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO GRATUITO CON LIMITACIÓN HORARIA (ZONA AZUL): DELIMITACIÓN DAS ZONAS PARA A SÚA IMPLANTACIÓN.

O Alcalde retira este asunto da orde do día de conformidade co interesado pola Comisión Informativa Municipal de Urbanismo.

6.- AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE PLACERES: RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA CONTRA O PREGO DE BASES PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA DA EDAR DE PLACERES E RATIFICACIÓN DOS COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCE-LLO.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo á resolución da reclamación presentada contra o prego de bases para a ampliación e mellora da Estación Depuradora de Augas Residuais de Placeres e rati-ficación dos compromisos asumidos polo Concello.

Aberto o debate, concédese a palabra a dona María Carmen da Silva Méndez, en representación do grupo municipal do Blo-que Nacionalista Galego, a cal manifesta que o saneamento in-tegral do sistema marítimo-fluvial ría-río e a súa recupera-ción e unha prioridade absoluta do goberno municipal, na liña de acadar este obxectivo estanse a dar pasos moi importantes; un primeiro paso, a eliminación dos vertidos que van directa-mente ó río e á ría así como ás xunqueiras, coa execución das actuacións previstas nos proxectos presentados para os fondos de cohesión, é un destes pasos que, xunto cos proxectos desen-voltos e outros que aínda están en execución do POMAL, do IN-TERREG e doutras Administracións, permitirá elimina-los verti-dos de augas fecais á ría; un segundo paso importante e a construción por parte de TAFISA dunha depuradora que permita a conexión do seu recinto industrial á rede de saneamento do concello para a súa conexión posterior á depuradora; un ter-ceiro paso é a ampliación da Estación depuradora de augas re-siduais de Placeres, que vaise ampliar introducindo unha liña máis de primario e de secundario, é dicir, a depuración bio-lóxica, con esta ampliación mellorará sustancialmente o fun-cionamento da depuradora permitindo pasar o caudal tratado de 400 litros por segundo a 750 litros por segundo, esta mellora do funcionamento é fundamental para acadar un tratamento ade-cuado das augas residuais, de ahí que entendendo a preocupa-ción dos veciños da zona se rexeite a alegación dado que a am-pliación da EDAR redundará nun mellor funcionamento e polo tanto minimizará o impacto no seu contorno e é un paso funda-

mental para acadar o saneamento integral da ría. A ría de Pontevedra xunto co sistema de xunqueiras e ríos que a conforman é un ecosistema dun funcionamento moi complexo cunha renovación de augas extraordinariamente lenta, isto fai que sexa necesario que os efluentes que vaían á ría teñan un nivel de tratamento elevado sendo necesario polo tanto o tratamento secundario que se acadará coa ampliación que se vai realizar na Estación depuradora de augas residuais; conseguir desatracar o tema da ampliación da EDAR foi un traballo intenso da Alcaldía dende a toma de posesión, estando presente en tódalas reunións que tiveron lugar cos responsables da Xunta de Galicia, de aí a seriedade coa que se trae o escrito da Xunta a este Pleno que aínda non hai dez días que entrou no Concello e este intenso traballo dá agora os seus froitos co compromiso da Xunta de acomete-la ampliación de inmediato; coa consecución deste obxectivo e dos citados con anterioridade, eliminación dos vertidos directos e saneamento da Xunqueira así como a depuradora de TAFISA, lograrase que nun prazo breve de tempo o aspecto da ría ata ENCE cambie de forma importante e constatable, lográndose unha parte importante da súa rexeneración; estas actuacións, na liña do comentado no segundo punto do Pleno, van encamiñadas a acadar un desenvolvemento ecolóxicamente sustentable, xa que un dos seus aspectos fundamentais é o mantemento dos seus recursos naturais e porque a recuperación da ría é un obxectivo no que todos teñen que estar implicados, solicita o apoio unánime para este punto.

Seguidamente intervén, en representación do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Luciano Santiago Esperón, dicindo a postura do seu grupo neste tema ven dada en principio por dous parámetros, un que consideran necesario aumentalos niveis de depuración e que canto mellores sexan os efluentes líquidos que van á ría mellor e outro dentro do parámetro de que non son partícipes da reclamación que se formula ó prego de aprobación, entón nestes dous parámetros contradictorios o que quere subliñar é que neste tema vai haber unha coincidencia, ou así o presume, entre o Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego en canto á súa aprobación, cousa que lle preocupa, porque o que se está a aprobar dalgún xeito é especializar unha zona do Concello de Pontevedra como área de depuración, que iso non está valorado profundamente e lle gustaría que neste tema se subsanasen previamente algúns tipos de incomodidades que se están a producir nos veciños da zona polo ruído que emite cando se limpan os lodos da depuradora e, sen facer corrección ningunha deste tipo, vaise facer agora unha ampliación que entende pode facer chirriar algo ou nalgunha medida a sensibilidade dos veciños da zona aquela, por este motivo é polo que o grupo municipal socialista, sendo coherente coa postura que mantivo na comisión, vaise abster.

Intervén a continuación o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que su grupo va a votar a favor, pero resulta curioso ver como en este Pleno parece que tenemos depuradora gracias al grupo mu-

nicipal del B.N.G. y gracias a él la Xunta va a hacer algo que no tenía pensado hacer, también resulta curioso ver como el Partido Socialista se va a abstener. El Partido Popular lo tiene muy claro, hay que depurar, no hay más remedio que hacerlo y evidentemente está totalmente de acuerdo y apoya que la Xunta de Galicia lo haga, por lo tanto va a votar a favor.

De noveo intervén a señora da Silva Méndez, só para sinalar dúas cousas, en primeiro lugar que as melloras que se teñen previsto facer na depuradora, ademais de contemplar a liña de primario e secundario, facilitará e permitirá que os saneamentos e depuración sexan en moitas mellores condicións, tamén ten previsto a actuación no sentido de mellora-la parte que neste momento está en funcionamento na depuradora; esa ampliación permitirá, ó haber unha liña de primario, que a actual liña de primario funcione mellor, que se eliminen certos problemas que neste momento se poden dar porque o caudal que chega á depuradora neste momento é maior que o caudal para o que ten capacidade, ademais, se ben é certo que se iniciou hai tempo a tramitación desta ampliación, o que é certo e que tamén levaba bastante tempo atrancada e neste momento, como xa dixó, gracias ás intensas xestións que se fixeron por parte da Alcaldía coa Xunta, se conseguiron desatancar e quere agradecer e reiterar a solucitude de apoio unánime a este punto xa que entende que é un aspecto fundamental para o saneamento da ría de Pontevedra.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Examinado o prego de bases para a "AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.D.A.R. DE PLACERES EN PONTEVEDRA", son relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 25 de marzo de 1999, prestou aprobación ó prego de bases para a "AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.D.A.R. DE PLACERES EN PONTEVEDRA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños don Francisco Alonso Fernández, o cal está composto de memoria, anexos e prego de bases e presuposto orientativo, ascendo o custo material de realización da obra a 950.000.000 pesetas.

2º.- O prego de bases para a ampliación e mellora da E.D.A.R. de Placeres, someteuse a información pública mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincial nº 69 de data 14 de abril de 1999, a efectos do seu exame e, no seu caso da presentación de alegacións, certificándose polo Vice-secretario que o día 8 de maio de 1999 co número de Rexistro de Entrada 11.381 formulouse unha alegación pola Asociación de Veciños Estriceres-Lourizán.

3º.- A alegación formulada pola Asociación de Veciños Estriceres-Lourizán refírese á necesidade de realización dun estudo da situación da rede de sumidoiros no Concello de Pontevedra, ademais de solicitar a realización dun plan de depuración de augas residuais por parte dos Concellos afectados.

4°.- Polo Enxeñeiro municipal emitiuse informe no que se sinala que: "La ampliación de la E.D.A.R. prevista en el proyecto de bases supone una mejora importante en sus condiciones de funcionamiento.

En efecto: se amplia la capacidad del sistema de bombeo de entrada, y de tratamiento y decantación primaria, pasando de un caudal medio actual de 400 l/s a 750 l/s con un caudal punta horaria de 900 l/s.

Se amplia una línea más de las actuales cubas de floculación y un tamiz automático de 3 mm de paso para 750/900 l/s destinado al tratamiento de filtros biológicos.

Este tratamiento biológico se diseñara para un caudal de 750/900 l/s mediante filtros biológicos con una exigencia de eliminación de nitrógeno y fósforo en los vertidos por debajo de las condiciones medio-ambientales impuestas por la U.E. ($N_T < 10\text{mg/L}$ y $P_T < 2\text{mg/l}$).

Se aumenta la capacidad del grupo de presión de aguas de servicio y se duplica el sistema de bombeo de fangos al silo.

En la línea de fangos:

- Una bomba sumergible más en la purga de fangos primarios.

- Sustituir las bombas de mayor potencia las instaladas en la purga de los espesadores de fangos.

- Ampliación del sistema de recirculación de digestión anaeróbica, agua caliente e intercambiador de calor.

Con estas previsiones la E.D.A.R. funcionará adaptada al caudal máximo previsible estimado en 900 l/s, capacidad que se considera suficiente.

En otras consideraciones de la alegación se hace referencia a las redes de desagües y a su estado. Aunque no es materia del pliego de bases que estamos informando si se considera preciso una actuación de forma constante la renovación y mejoras de las condiciones de las redes de alcantarillado y conectando aquellos vertidos que todavía no lo están a estas redes.

En cuanto a la construcción de depuradoras en cada municipio quien suscribe entiende que la solución adoptada es correcta ya que una E.D.A.R. dimensionada adecuadamente mejor funciona cuanto más grande es."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Compete ó Pleno da Corporación a adopción do presente acordo de conformidade co establecido no artº 50.22 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda:

PRIMEIRO.- Desestima-la reclamación formulada pola Asociación de veciños Estriceres-Lourizan, en base ás motivacións

expostas polo Enxeñeiro municipal no seu informe, o contido do cal transcríbese no punto catro dos feitos deste acordo.

SEGUNDO.- Ratifica-los compromisos asumidos pola Corporación municipal no acordo do Pleno de data 25 de marzo de 1999, solicitando novamente o financiamento do 100% das obras e que as mesmas se executen á maior brevidade.

7.- PROXECTO REFORMADO DO DE REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NA MICHELENA, PEREGRINA E BENITO CORBAL: APROBACIÓN DE PROXECTO REFORMADO CON RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DA DÉBEDA CONTRAÍDA POLA SÚA EXECUCIÓN.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, á aprobación de proxecto reformado do de reforma de viais e ampliación de beirrarúas na Michelena, peregrina e Benito Corbal, con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída pola súa execución.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que este é un tema que xa é suficientemente coñecido, aínda que non debatido, polos inconvenientes que xerou e polos múltiples problemas que tivo, polo que só vai facer un pequeno resumo; a reforma das vías e ampliación de beirrarúas de Michelena, Peregrina e Benito Corbal é unha obra que tiña un orzamento inicial de 134 millóns de pesetas e que foi adxudicada no seu día por 120 millóns de pesetas e sen embargo na fase de execución, entende que por falta de previsión, veuse incrementada nunha contía próxima ós 110 millóns de pesetas, porque habería que engadirlle ós 90 millóns que veñen aquí as obras realizadas con cargo ós investimentos pola adxudicación da auga a Aquagest e porque nese proxecto non se contemplaban cantidade de temas relativos ós firmes, canalizacións de auga pluviais, etc. e incluso a Alcaldía da corporación anterior acordou que se ampliara á rúa Marquesa, dicir que foi no mes xuño cando se ordenou por parte da anterior corporación a iniciación deste expediente e que tivo unha longa tramitación debido a que houbo que pedi-los informes de tódolos arquitectos, inspectores, etc., e o que se desprende do procedemento é que tanto o informe do Enxeñeiro como o de Intervención son demoledores na medida en que por un lado hai un incumprimento das disposicións legais aplicables ás contratacións e por outro lado a obra, a teor do que dí o Sr. Enxeñeiro como inspector, presenta múltiples deficiencias e agarda que con este recoñecemento extrajudicial de débeda se poña fin a todas esas deficiencias, que está no seu interese e tivo varias reunións con representantes da empresa para que de inmediato procedan ó remate daquelas cousas que aínda teñen pendentes, como pode se-la sinalización, así como a corrección de tódalas deficiencias observadas tanto no pavimento e nos cruces, como interiores e canalizacións, arquetas, etc. e evidentemente así se fixo en Comisión por responsabilidade política e porque entende que é necesario poñer fin a esta historia, por tanto o BNG vai votar favorablemente ó refor-

mado e o recoñecemento da débeda dos 90 millóns de pesetas.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, diciendo que se podrían decir cosas tristísimas sobre esta cuestión pero, como decía el Sr. González Carballo, es un tema suficientemente conocido, hay múltiples informes de todos conocidos, por lo tanto no va a abundar en ello, simplemente decir que sirva de ejemplo de lo que no se debe hacer y que le sirva de ejemplo también a este equipo de gobierno sobre todo en no superar los presupuestos de las contratatas, aunque sabe que eso no va a ocurrir y por responsabilidad política se va a abstener.

Seguidamente concédese a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que evidentemente va a votar a favor y reconoce que esta obra fue sumamente compleja, mucho más complicada de lo que pueda parecer cualquier otra, pues se partió de múltiples proyectos puesto que fue en convenio con el colegio de arquitectos donde, que recuerde, por lo menos fueron cuatro grupos de cuatro arquitectos los que participaron, es decir, se está hablando nada menos que de dieciséis arquitectos que participan en ese diseño de las aceras y en la redacción de esos proyectos, que en definitiva es el proyecto que finalmente licita el Ayuntamiento de Pontevedra y por lo tanto en principio parece que todo puede ser normal y supervisado por el Ingeniero municipal y dieciséis arquitectos del propio colegio de Pontevedra, por tanto parece que se debe sacar una obra con toda la tranquilidad del mundo, con una cosa novedosa que era ese concurso entre distintos arquitectos de la ciudad y de toda la zona y equipos de todos ellos; comienzan las obras con todos sus problemas y de repente empiezan a surgir muchísimos servicios afectados, las condiciones no son las que se creían, ni son las que reflejaban los informes del Ingeniero municipal, servicios afectados que no figuran o no se sabe donde están en las calles y que evidentemente en una obra de esta envergadura y como Alcalde en quel momento ha tenido que ir tomando decisiones día a día muchas veces, por ejemplo que una tubería merece la pena cambiarla porque va a durar tres años y la obra la se hace para que dure veinte o veinticinco y evidentemente se va diciendo que si, a eso hay que añadir que al final hay una ampliación como la calle de la Marquesa que solamente estaba prevista si quedaban remanentes, y finalmente pues sin que nadie haya dado la orden expresamente está hecha la calle Marquesa, evidentemente que el Ayuntamiento no pagase esto podía llevarlo a un pleito con la empresa con toda una serie de años, pero lo que está claro es que el Ayuntamiento no debe de tratar de enriquecerse con estas cosas y lo que está hecho si realmente está certificado por los técnicos de la casa evidentemente hay que pagarlo, exactamente igual las deficiencias que aparecen o los árboles que faltan todavía por plantar en las distintas zonas, pues todo eso habrá que mirarlo y cumplirlo al pie de la letra y tendrán que volver a le-

vantar las zonas que sean o lo que haga falta hasta volver a dejarlo tal como estaba en el contrato de adjudicación de la obra, por todo eso el Partido Popular va a votar a favor y cree que ha servido de ejemplo a todo el mundo en este tipo de obras complejas y espera que le sirva al actual equipo de gobierno y a cualquier otro en cualquier tipo de obras y repite que estas son de las más complejas en el aspecto de que se puedan disparar el presupuesto y eso llevará a que haya que mirar mejor todos los informes previos al proyecto de adjudicación.

Novamente intervén o señor González Carballo, dicindo que só quera facer dúas matizacións, pois na memoria explicativa que figura no propio expediente con relación á rúa Marquesa dí: "durante a execución das obras de reforma de vías .. e como complemento delas se ordenou pola Alcaldía o tratamento da rúa Marquesa", no propio expediente figura iso e tampouco é o gordo pois a rúa Marquesa son sete millóns de pesetas co IVE cando se está a falar de cento e pico millóns, de tódalas maneiras como parece traducirse que o equipo de goberno vaia aprendendo, dicir que efectivamente vai aprendendo moitísimo nestas cousas, pero tamén que no futuro cando haxa que actuar dunha maneira responsable politicamente tamén se miren estas situacións.

Intervén o señor Pedrosa Fernández dicindo que el Partido Popular siempre actúa responsablemente.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o proxecto reformado do de "REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS MICHELENA, PEREGRINA E BENITO CORBAL", redactado polos equipos de arquitectos dirixidos por D. Angel Cid Carballo (rúa Michelena, D. José Martínez Sarandeses (rúa Peregrina) e D^a Alicia Gómez Bala (rúa Benito Corbal), son relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

1º.- A Comisión de Goberno o día 28 de setembro de 1998 aprobou os proxectos de "REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MICHELENA, BENITO CORBAL E PEREGRINA", cun orzamento global contractual que ascende a 134.161.026 ptas, aprobándose igualmente o expediente de contratación e, en consecuencia, os pregos de cláusulas administrativas particulares.

2º.- En data de 9 de novembro de 1998 a Comisión de Goberno adxudicou á unión temporal de empresas GÓMEZ BODAÑO, S.A. e CONSTRUCCIONES EIRIÑA, S.L. a execución das obras comprendidas nos proxectos de "REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MICHELENA, BENITO CORBAL E PEREGRINA" no prezo de 120.637.595 pts, I.V.A. incluído, debendo, executarse as obras no prazo de dous meses, formalizándose en documento administrativo o día 11 de xaneiro de 1999.

3º.- Da obra certificáronse, pola dirección técnica, dúas certificacións por importe de 79.637.066 pts e 22.143.434 pts, as cales aprobáronse por Resolución da Alcaldía de datas 1 e 2

de xullo de 1999, respectivamente.

4°.- En xuño de 1999 presentouse o proxecto reformado do de "REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS MICHELENA, PEREGRINA E BENITO CORBAL", composto de memoria, medicións e orzamento, que ascende a 90.827.493 pts, xustificándose nas memorias correspondentes a cada unha das intervencións urbanísticas os aumentos de obra que foi necesario realizar en cada unha das rúas.

5°.- O día 28 de xuño de 1999 deuse conta á Comisión de Goberno do mencionado proxecto reformado, acordando que o Enxeñeiro municipal emita un novo informe especificando o órgano ou funcionario que autorizou os incrementos producidos así como que os Técnicos Directores das obras, igualmente, amplíen a xustificación dos incrementos producidos na execución das obras.

6°.- En data 2 de setembro de 1999 o Sr. Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos municipais, informa que no proxecto reformado se recollen as unidades de obras non previstas nos proxectos iniciais e que son necesarias para levar a termo en condicións adecuadas os traballos de acondicionamento de calzadas, beirarrúas e servicios nas rúas obxecto de actuación, sendo as principais unidades de obra non contempladas nos proxectos iniciais en firmes e canalizacións de auga potable, rede de sumidoiros de augas pluviais, rede eléctrica e outras tales como intervención arqueolóxica nas rúas Michelena, Antonio Odriozola, praza de Ourense, praza Peregrina e rúa Benito Corbal e, as unidades de obra non previstas nos proxectos orixinais tales como sinalización vertical, subministración de árbores en rúa Benito Corbal, ubicación de contenedores, etc.; as medicións que acompañan ós respectivos proxectos reflicten as unidades necesarias a realizar, os prezos aplicados a estas son os do proxecto e os habituais do mercado os das unidades novas, aplicándose o coeficiente de baixa de licitación, estimándose que as unidades contempladas no proxecto reformado son necesarias para a correcta terminación e funcionamento das obras proxectadas.

7°.- Polos autores dos proxectos e directores facultativos das obras emitíuse o informe solicitado no que se xustifican as modificacións que foron necesarias introducir durante a execución das obras de intervención urbanística que, basicamente, son relacionadas co cambio de material para conseguir a unificación dos mesmos nas tres zonas de actuación e coas instalacións existentes nas rúas que presentaban un estado deficiente que obrigou a súa substitución. Igualmente instaláronse tuberías de PVC para as conductiones eléctricas e semaforicas.

8°.- A Intervención Xeral en data 5 de maio do actual emite informe no que indica que "... en ningún dos dous exemplares do proxecto modificado que obran nestas dependencias consta que fora presentado no Rexistro do Concello... os cambios de materiais realizados, o acondicionamento da rúa Marquesa, non previsto inicialmente así como a execución de unidades de obras non contempladas nos proxectos iniciais, tiveron lugar seguindo indicacións da Alcaldía.= Que a reposición e troco de tuberías que realizou Aquagest financiouse con cargo ás melloras ofertadas

por esta con motivo da adxudicación do contrato administrativo de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento e depuración de augas residuais... Á vista do relatado é evidente o incumprimento das disposicións legais aplicables ó suposto... Non obstante o exposto, se o órgano municipal competente acorda proceder de conformidade co sinalado no informe da Xefa do Servizo de Contratación do 18 de abril de 2000 que conta co conforme do Secretario accidental e en consecuencia restablece-lo equilibrio económico para evitar un enriquecemento inxusto do Concello a través dun recoñecemento extraxudicial da débeda, esta Intervención informa: Que a aprobación do Proxecto modificado conleva así mesmo a das variacións das unidades de obras (aumentos, reducións, supresións) da cantidade que resta por certificar.= Que deberá emitirse un informe por parte do Inspector Municipal das obras no que se reflecta cal é o estado e situación das obras executadas na data actual.= Que sinala o art. 43 da Lei 13/95 que deberá procederse polo contratista ó reaxuste da garantía definitiva constituída no seu día para responder da execución das obras, cando se produza unha modificación no valor do contrato, co obxecto de garda-la proporción axeitada co presuposto, polo que a garantía definitiva constituída no seu día na contía de 5.366.441 ptas., incrementárase en 3.633.100 ptas., para acadalo valor da nova garantía que ascende a 8.999.541 ptas.= Que para a financiación da cantidade de 90.827.493 ptas., a que ascende o presuposto do proxecto reformado, existirá consignación presupostaria unha vez que realizada a liquidación do Orzamento de 1999 se incorpore o crédito dispoñible da Partida 013-511.61107 de conformidade co art. 163.3 L.R.F.L. Este crédito finánciase con cargo á operación de préstamo nº 522.480".

9º.- En cumprimento do solicitado polo Sr. Interventor Xeral, o Sr. Enxeñeiro municipal en data 18 de maio do actual emitiu informe sobre o estado actual das obras executadas no que se pon de manifesto a existencia de deficiencias no remate das mesmas, achegando relación detallada das deficiencias observadas, considerando necesario a reparación dos pavimentos da calzada e beirarrúas, sobre todo nas depresións, remata-la sinalización horizontal e vertical, plantación de árbores e instalación de enreixado de protección de gabias así como retirar os restos da obra e desescombros de arquetas e pozos de rexistro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- O artigo 146.1 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, establece que "Serán obligatorias para el contratista las modificaciones en el contrato de obras que, con arreglo a lo establecido en el artículo 102, produzcan aumento, reducción o supresión de las unidades de obra o sustitución de una clase de fábrica por otra, siempre que ésta sea una de las comprendidas en el contrato. En caso de supresión o reducción de obras, el contratista no tendrá derecho a reclamar indemnización alguna". Cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto os prezos se fixaran pola Administración ou fixados contradictoriamente en trámite de

audiencia.

II.- A Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas no seu artigo 146.3 establece o procedemento polo que se sustanciará a aprobación das modificacións do proxecto que o Director facultativo da obra considere necesario, sendo necesaria a autorización previa do órgano de contratación para inicia-lo correspondente expediente, así como a autorización dos gastos complementarios precisos.

III.- Á vista do anteriormente exposto dedúcese que a obra executouse sen axustarse ós trámites esenciais do procedemento da contratación administrativa, especialmente o que se refire á adxudicación das obras e ó procedemento de autorización do gasto, non estando a adxudicación verbal admitida no Dereito Administrativo de conformidade co establecido no artigo 56 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, salvo nos casos no que o contrato teña carácter de emerxencia.

IV.- As obras executadas supoñen un beneficio para o Concello, integrándose dentro do seu propio patrimonio, o cal, de non aboarse ó contratista supón un enriquecemento indebido para esta Administración municipal, que ven obrigada a restablecer o equilibrio económico aboando á unión temporal de empresas GÓMEZ BODANO, S.A. e CONSTRUCCIONES EIRIÑA, S.L. a cantidade debida pola obra executada, non sendo imputable á mesma a ausencia dos trámites legais na adxudicación da citada obra. Este enriquecemento inxusto recóllese de forma reiterada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencia 12.1.43, 2.5.60, 12.3.64 e 22.1.75), que o establece como un principio de noso ordenamento xurídico, mediante a técnica civilística da causación que supón a existencia dun enriquecemento inxusto co conseguinte empobrecemento no patrimonio doutro suxeito así como unha relación de causalidade do desprazamento patrimonial, debéndose restablecer o equilibrio económico para evitar o enriquecemento inxustifico da Administración municipal.

V.- Estando obrigado o Concello a restablecer o equilibrio económico, para que non se produza un enriquecemento inxusto, o procedemento normal sería o recoñecemento extraxudicial da débeda, de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto 500/90.

VI.- De conformidade co estipulado no artigo 43 da Lei de Contratos das Administracións Públicas procederase polo contratista ó reaxuste da garantía definitiva constituída no seu día para responder da execución das obras, a consecuencia da modificación sufrida no valor do contrato, ó obxecto de que a garantía garde a debida proporción co orzamento.

VII.- A competencia para a resolución deste procedemento corresponde ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto 500/90 e Bases de Execución do Orzamento.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do

grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó proxecto reformado do de "REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS MICHELENA, PEREGRINA E BENITO CORBAL", cun orzamento global contractual de 90.827.493 pesetas, I.V.E. incluído, obras que foron realizadas pola unión temporal de empresas GÓMEZ BODANO, S.A. e CONSTRUCCIONES EIRIÑA, S.L., con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída por este Concello, que se financiará con cargo á Partida 013-511.61107 unha vez realizada a liquidación do Orzamento de 1999 e se produza a incorporación do crédito, quedando autorizado o gasto.

SEGUNDO.- Requirir á empresa adxudicataria para que no improrrogable prazo de 15 días hábiles, contados a partir da notificación do presente acordo, amplíe a fianza constituída no seu día para responder da execución das obras comprendidas no proxecto reformado do de "REFORMA DE VIAIS E AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS MICHELENA, PEREGRINA E BENITO CORBAL", na contía de 3.633.100 ptas.

TERCEIRO.- Polos Directores Técnicos das obras deberá certificarse a obra realmente executada pola unión temporal de empresas GÓMEZ BODANO, S.A. e CONSTRUCCIONES EIRIÑA, S.L., co visto e praxe do Sr. Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos municipais.

CUARTO.- Requirir á Unión Temporal de Empresas GÓMEZ BODANO, S.A. e CONSTRUCCIONES EIRIÑA, S.L. para que proceda de inmediato a efectuar tódalas obras e corrixir tódalas deficiencias sinaladas polo Inspector das obras no seu informe.

8.- ESTACIONAMENTOS PÚBLICOS PARA RESIDENTES: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DOUS ESTACIONAMENTOS PÚBLICOS PARA RESIDENTES NA RÚA GUTIÉRREZ MELLADO E NA PRAZA DE ESPAÑA.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión informativa permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, á aprobación do expediente tramitado para a concesión da obra pública consistente na construción e explotación de dous estacionamentos públicos para residentes na rúa Gutiérrez Mellado e na praza de España.

Aberto o debate, intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que este é un tema longamente xestado e que ten unha xénese moi clara, que é subsanar un problema que existe nas cidades, outras xa empezaron este proceso antes que Pontevedra, de que en certa época construíronse edificios con excesiva altura e á parte diversificando demasiado a cidade e sen soto para garaxe dos vehículos dos que nesa zona viven, entón hai certas zonas na cidade nas que non hai eses sotos para estacionamento e nas que hai unha densidade de actividade tanto residencial, como económica e empresarial moi elevada e xenera un deficit moi serio de estacionamento; tamén un motivo de

oportunidade que é o tratamento de superficie porque tanto nun sitio como noutro están nestes momentos bastante deficientes, levou a explora-la a posibilidade de mirar tanto a viabilidade técnica como a demanda real, todo mundo coñece se convocou no mes de xullo a título informativo ás posibles persoas interesadas e sorprendentemente a finais de xullo, en pleno verán, apareceron unhas trescentas dez solicitudes para un estacionamento na rúa Gutiérrez Mellado, que como moitísimo pode ter 130 ou 150 prazas en dúas plantas, iso levou a facer unha ampliación e incluír tamén para poder cubri-la demanda o da praza de España, unha demanda teórica, pois o grupo de goberno tampouco é tan inxenuo de crer que unha solicitude vai supor ó final unha confirmación e o pago real das prazas, pero a demanda en principio era bastante e é loxico porque en toda esa zona céntrica a maioría dos edificios non teñen prazas de estacionamento e despois está a parte superior do centro histórico que tampouco o ten, por tanto hai esa necesidade que despois se verá se se concreta. Sobre esa base comezouse o proceso que remata hoxe en canto a sacalo ó público, que é a primeira experiencia que vive Pontevedra dun estacionamento para residentes, que é un proceso moi madurado pois houbo moitísima documentación, aínda que no expediente aparece unha mínima parte porque houbo moitísimos borradores, documentación doutros sitios, fíxose con tódalas garantías e sondaxes xeolóxicas para saber como estaba o firme, fixéronse os pregos con calma e aquí ten que facer un agradecemento expreso ós servicios de Secretaría e Contratación porque cre, e os que leron os pregos o verían, que son os mellores elaborados de tódolos que houbo, precisamente por esa calma e por esa dedicación e de feito as modificacións foron moi poucas en relación a outros pregos, pois como é a primeira vez que se fai hai que ser moi prudentes para caer nos mínimos erros posibles, aínda que supón que algún haberá porque é imposible que sexa perfecto máxime sendo a primeira vez; os pregos que se traen hoxe aquí están tratados en Comisión e destacaría dúas características que teñen, son uns pregos flexibles e que se intenta que sexa versátil, é dicir estacionamento para residente pero que tamén poida haber estacionamentos para alugamento por hora ou por semanas para compensar se non cubre e incluso nas solucións técnicas tamén se contempla o poder conecta-los estacionamentos para fecer un estacionamento único coas vantaxes que tería á hora de vixiancia, etc., e aínda que iso é importante para que o concurso saía adiante hai un segundo apartado que lle parece o máis importante de todos, que é a corresponsabilidade, pois tal como están os pregos o Concello ten a responsabilidade, e así o fixo, de impulsa-la posibilidade de que ese estacionamento se faga e de que se resolva o problema dos residentes, das vivendas e negocios que haxa nesta zona, pero que ten que levalo ó final adiante son os propios usuarios e a propia empresa, nese sentido é novedosa unha cláusula na que se vai dar un prazo no que, se non hai suficiente demanda dos residentes, a empresa tamén asuma parte

da responsabilidade de decidir se segue adiante ou non en función de se a demanda é suficiente ou non, o que lle parece un bo camiño para traballar no sentido de que a cidade é cousa de todos e se van adiante as cousas o concello impulsa, inicia, tramita e se pon ó fronte da solución, pero as solucións hai que dalas entre todos, entre os propios usuarios, entre as empresas implicadas, entre todo o mundo; pode dicir que é un camiño que se abre e que si ten éxito pode seguirse noutro lado, que cre que vai mellorar moito a calidade de vida, tanto por dar prazas de estacionamento, como polo tratamento que van levar na superficie as zonas, vai elevar a calidade de vida deste punto concreto do centro urbano periférico ó centro histórico e agarda que conte co apoio de toda a Corporación, porque é un camiño polo que están transitando outras cidades e Pontevedra se ten que incorporar e era mellor que se incorporara con todo o apoio e con tódalas posibilidades de éxito dentro do aberto que é un asunto de este tipo.

A continuación concédese a palabra ó representante do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Guillermo Meijón Couselo, o cal manifesta que quere anunciarlo voto positivo do seu grupo a este punto relativo a estacionamentos públicos para residentes, coida que é un intento en positivo de levar adiante un proceso complexo o que pode, como xa figuraba no seu programa electoral, contribuir a un reordenamento do espacio urbano, a eliminar coches da rúa e a elevar a calidade de vida de residentes que ben pola antigüidade dos edificios ou ben por problemas técnicos carecen dunha praza a unha distancia adecuada; o proxecto non se lles oculta que é complexo e ahí coincide co señor Mosquera en que os pregos garantan suficientemente, por un lado, a salvagarda do Concello e o que poida pasar e, por outro lado, son o suficientemente flexibles para que as empresas poidan arriscarse a introducirse neste proxecto, ve-las demandas veciñais e conforme a iso decidir posteriormente meterse á súa realización; de todas formas e como punto paralelo a este, desde o seu grupo quixeran ver tamén que o equipo de goberno ten o mesmo esforzo por dedicarse a lanzar para adiante os aparcamentos periféricos gratuítos que esta cidade tanto necesita.

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que su grupo va a mantense en la abstención, tal como explicou en comisión; cree que el expediente es novedoso y evidentemente demuestra un trabajo importante por parte de Secretaría, pero cree igualmente que están sin finalizar y sin pulir los pliegos, pues todavía ayer se cambiaban cosas, podía verse en el anteproyecto que las calles figuran con 4,5 metros diseñadas por el Ingeniero municipal y en el pliego se estaban exigiendo mínimo de 5 metros e incluso se aconsejaban 6, cree que esto ya no es la panacea que les contaba el señor Mosquera en el mes de julio o agosto del año pasado cuando decía que ya iba a estar Gutiérrez Mellado inmediatamente, que iba a tener el doble de coches y que iba a ser mucho más fácil y el precio de

las plazas de garaje poco más iba a ser del millón y medio de pesetas y hoy día se ve que simplemente por el presupuesto estimativo que figura en el expediente que las plazas van a rondar los dos millones de pesetas de coste, con lo cual entre el beneficio y el IVA es fácil que ronden los dos millones y medio de pesetas y cree que no existe en Galicia esa cultura de que por dos millones y medio de pesetas uno esté comprando una plaza simplemente a cincuenta años, pues por ese mismo dinero o por muy poco más la gente prefiere comprar plazas de por vida y poder transferirlas a sus familiares normalmente y no de la forma que está en este pliego, que sus cláusulas dicen que una vez que se transmita la plaza podrá venderse sólo a quienes estén ligados a la zona o sean residentes en ella, lo cual va a complicar todas esas cosas; entiende que en ese sentido se han tratado de nadar y guardar la ropa en exceso e incluso cree que va a quedar desierto el concurso y si no es en la primera es en la segunda, es decir, les parece bien esa oportunidad que se le da a la empresa de arriesgar, incluso podría matizar que dos meses les parecen poco y que debería de dársele más tiempo a esa empresa, por tanto como ve una serie de cosas que no tiene claras y que cree que están cogidas muy por los pelos, el Partido Popular va a manter la cautela y se va a abstener.

Novamente intervén o señor Mosquera Lorenzo dicíndolle ó señor Pedrosa que hai que ser un pouco serios, pois nunca houbo un prego máis traballado que este, aínda que pode haber algún defecto, por exemplo ese croquis que fixo o Enxeñeiro, que é consecuencia de que se fixeron moitísimos e pode ser que se escapara, porque á parte de haber correccións despois é fácil que haxa contradicións, pois o señor Pedrosa recoñeceu que é o prego mellor traballado e elaborado e o máis novidoso de todos, tamén di que o grupo de goberno é prudente e lle pide que el tamen o sexa, pois cando foi o do mercado anunciou que ía quedar desierto e incluso chegou a dicir en certas declaracións nunha televisión que se ese estacionamento sae adiante sería exclusivamente por diñeiro negro ou cosas parecidas e ó final presentouse unha empresa, da que en Pleno desta Corporación dixo que se se suspendía a segunda fase do plan de beirarrúas era quedar mal cunha empresa tremendamente seria e solvente, por tanto hai que ser un pouco serios e ter unha liña argumental coherente, pois sería tremendo que despois de anunciar que o mercado quedaba deserto e non quedou que agora anuncie que este queda deserto e non quede, as súas dotes de adiviño e futurólogo quedarían tremendamente en entredito, cre que hai que ser un pouco máis rigorosos na vía argumental e xa que citou o mercado escoitou un corte do señor Pedrosa dicindo que no mercado non debe por unha peseta nin o Concello nin os usuarios e o outro día no Pleno dos orzamentos aparece dicindo que se poñan 150 millóns para o mercado, hai que ser un pouco coherentes e non se pode dicir unha cousa un día e outro día outra; considera que son uns pregos bos e que é unha boa posibilidade, aínda que ninguén ten a garantía de que vaia sair

adiante, pero pode dicir que hai empresas que se interesaron directamente, queren saber como vai e están esperando a posibilidade de presentarse e abrir esta posibilidade non compromete a nada e cre que sería bastante mellor, en todo quere agradecer-lo seu apoio ó grupo socialista.

Volve a concedérselle a palabra ó señor Pedrosa Fernández, o cal manifesta que al señor Mosquera parece que le duele cuando el Partido Popular no vota sus proyectos e incluso habla como queriendo dar pena, pero como es su responsabilidad debe gobernar y hacer lo que le parezca, pero si quiere se pueden revisar votaciones hacia atrás en los últimos cuatro años y ver quien votaba en contra de las cosas del Partido Popular; por otra parte mezcla cosas que no tienen nada que ver, pues habla del aparcamiento de la Plaza de Abastos y si coge las actas verá que lo que dijo es que ese aparcamiento iba a costar a los pontevedreses 200 ó 300 millones de pesetas y al día de hoy ya se sabe que 380 millones es lo que va a costar a mallorés, por lo tanto no se quede con la parte que le convenga de sus declaraciones; repite que el Partido Popular se va a abstener porque no ve nada claro esto, pero también le dice que ojalá salga como figura en los pliegos, se vendan todas las plazas para residentes y salgan mucho más baratas de lo que dice el pliego.

Volve a intervi-lo señor Mosquera Lorenzo só para facer unha aclaración, pois na obra do Mercado de Abastos segundo os técnicos que a executan e a empresa, que xa o explicaron por activa e por pasiva, o estacionamente encarece os 50 millóns que costan os 1.200 m², que haberá que pagar dentro de dous anos, pero resto non encarece nada, o custo de arriba é independente de que se fixera o estacionamento ou non.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Examinado o expediente de contratación tramitado para a concesión da obra pública dun aparcamento subterráneo e subseguinte explotación, previa execución, no subsolo da rúa General Gutiérrez Mellado e praza de España, son relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1.- Polo Tenente de Alcalde delegado da área de urbanismo e medio ambiente, unha vez realizada unha consulta pública para coñecer-la demanda dos veciños de prazas de aparcamento para residentes nas rúas Gutiérrez Mellado e praza de España durante a cal formuláronse 232 solicitudes, solicitou informe do Enxeñeiro municipal sobre a viabilidade técnica para a construción dos aparcamentos subterráneos. O informe do Enxeñeiro municipal conclúe que é viable a execución dos dous aparcamentos se ben estima que debe facerse de forma simultánea.

2.- Polo Enxeñeiro municipal de acordo co disposto polo Tenente de Alcalde propúxose a realización de estudos xeolóxicos do subsolo da praza de España e rúa Gutiérrez Mellado os cales foron realizados pola empresa GALAICONTROL, S.A., re-

sultando que sondaxes e estudos realizados que é viable a execución de ambos aparcamentos.

3.- En cumprimento do ordenado polo Tenente de Alcalde delegado, o Enxeñeiro municipal redactou o anteproxecto para a execución das obras de aparcamentos baixo rasante na praza de España e rúa General Gutiérrez Mellado, composto de memoria, planos, medicións e orzamento o cal ascende a 723.573.464 pesetas, igualmente redactou o anteproxecto de explotación do servizo e prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o concurso para a adxudicación da obra pública consistente na construción, xestión e explotación de dous aparcamentos subterráneos.

4.- A Secretaría Xeral redactou o réxime xurídico do servizo público e o Servizo de Contratación o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación da concesión da obra pública consistente na construción, xestión e explotación de dous aparcamentos subterráneos na rúa General Gutiérrez Mellado e praza de España, o cal foi informado favorablemente polo Secretario Xeral e pola Intervención Xeral, se ben, poñendo de manifesto unha serie de cuestións relevantes para os intereses económicos municipais.

5.- No informe da Intervención Xeralponse de manifesto:

"1º.- Que no expediente consta toda a documentación esixida polos artigos 125.2 e 159.1,2. da Lei 13/95 modificada pola Lei 53/99: anteproxecto de explotación e de obras, pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares e réxime xurídico do servizo, axustándose ás disposicións legais de aplicación.

2º.- Non obstante o sinalado no punto anterior esta Intervención quere poñer de manifesto unha serie de cuestións relevantes para os intereses económicos municipais:

A subscrición do seguro que garanta contra todo risco a totalidade das construcións e instalacións do aparcamento así como o que garanta os danos a terceiros deberá considerarse como condición previa ó outorgamento da autorización para a posta en funcionamento dos aparcamentos.

Así mesmo a actualización destes seguros deberá ser comunicada ó Concello para os efectos de controlalo mantemento axeitado das coberturas (Cláusula 8ª do Réxime Xurídico, Cláusula 20ª do Prego de prescricións técnicas e Cláusula 7ª.A, 16ª e 27ª do Prego de Cláusulas administrativas particulares).

A posible compensación económica a favor do concesionario no caso de modificacións na explotación de obra pública impostas pola Administración municipal que aumenten os custos ou diminúan a retribución deberá entenderse nos parámetros do artigo 164.2 da Lei 13/95, e dicir que o equilibrio económico a repoñer será determinado polos supostos económicos considerados como básicos na adxudicación do contrato ((Cláusula 9ª do Réxime Xurídico, Cláusula 7ª.B. 4ª e 13ª do Prego de Cláusulas administrativas particulares).

Estimamos que na sociedade cooperativa civil ou mercantil que deberá constituírse no caso de que o concesionario allee o

dereito de cesión de uso permanente do 75% das prazas de aparcamento reservadas a tal finalidade, este deberá integrarse como expresamente se contempla para outro suposto de construción de sociedade, acordo do 50% alomenos dos titulares de uso permanente exclusivo (Cláusula 14^a.d) do Réxime Xurídico).

A plena responsabilidade do concesionario polos danos e accidentes que poidan producirse como consecuencia da execución das obras, incluíndo a responsabilidade derivada da obriga de mante-lo acceso ás vivendas e locais de negocios e a obriga de indemniza-los danos derivados da inutilización de servicios de aparcamentos particulares existentes, debería ser obxecto de aseguramento tendo en conta o alto montante que pode chegar a acadar (Cláusula 10^a.4 do Réxime Xurídico, Cláusula 13^a.4 e 9^a do Prego de prescricións técnicas particulares e Cláusula 7^a.A.8 do Prego de cláusulas administrativas particulares).

En canto á revisión automática de tarifas por alugamento mensual mediante pagamento en modalidade nocturna, diúrna ou completa así como da cota mensual por gastos de conservación, mantemento, e explotación de acordo coas variacións do IPC, debería ser obxecto de aprobación expresa polo Pleno da Corporación como órgano de contratación, tendo en conta que as anteditas tarifas e cotas supoñen a contraprestación económica a percibir polo adxudicatario da concesión (Cláusula 18^a do Prego de prescricións técnicas particulares).

En relación á Cláusula 11^a do Prego de cláusulas administrativas particulares que regula a tramitación das adxudicacións de prazas e a posible renuncia á adxudicación vinculado ó resultado da prevenda, esta Intervención entende que:

Os intereses a aboar ós solicitantes no caso de renuncia da empresa adxudicataria serán pola conta desta.

O réxime de aluguer con libre pagamento previsto para o suposto de que resolta a oferta convocada quedaran prazas dispoñibles así como o que poidan realiza-los cesionarios de prazas que queren deixar de selo mentres non exista peticionario, refírese as tarifas ofertadas e aceptadas pola administración municipal.

Nos criterios obxectivos para a selección do concesionario regulados na cláusula 21^a do Prego de cláusulas administrativas podería figura-lo prazo de execución das obras, expresamente previsto no artigo 87 de Lei 13/95, e tamén o número de prazas de estacionamento, tendo en conta que o modelo de proposición prevé o sinalamento polos ofertantes deste número, non figura expresamente sen embargo o número de prazas a ceder ó Concello que é un dos criterios do concurso".

6.- O día 24 de maio de 2000 a Comisión Informativa municipal de Urbanismo dictaminou o anteproxecto das obras e de explotación, os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas introducindo unha serie de modificacións, dictaminándose favorablemente o seu contido coas modificacións introducidas, polo que con motivo das aclaracións efectuadas pola Intervención Xeral e pola Comisión Informativa modificá-

ronse os pregos nos termos acordados.

7.- A Comisión municipal informativa de Economía, Facenda e Patrimonio na súa reunión de data 25 de maio do actual acordou introducir modificacións no prego de cláusulas administrativas particulares, dictaminando, por maioría, favorablemente a proposta de acordo.

8.- Tendo en conta as modificacións introducidas pola Comisión municipal informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, polo Servicio de Contratación procedeuse a redactalos novos pregos modificados de acordo co dictame.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Ó amparo do estipulado no artigo 128-2 da Constitución Española, artigo 86 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 96 e 97 do Real Decreto Lexislativo 781/86, polo que se aproba o texto refundido de materias legais vixentes en materia de réxime local, o Concello de Pontevedra asume a iniciativa para o exercicio da actividade económica consistente na construción, xestión e explotación de estacionamentos públicos de vehículos no subsolo da rúa de Gutiérrez Mellado e da Praza de España en réxime de libre concorrencia, previa aprobación administrativa do réxime xurídico básico regulador do servicio conforme ó establecido no artigo 159-1 da Lei 13/95, de Contratos das Administracións Públicas segundo a nova redacción dada pola Lei 53/99, polo que os anteproxectos de obra e de explotación xunto co Regulamento do Servicio se someterán a información pública durante un período de 30 días hábiles, condicionando o anuncio da licitación ó resultado da información pública, polo que as reclamacións, de producirse, deben ser resoltas polo Pleno, antes da convocatoria da licitación.

II.- O contrato que se pretende realizar, tendo en conta o seu obxecto, ten a natureza propia dos contratos de obra descritos no art. 120 da Lei 13/95, de Contratos das Administracións Públicas na súa modalidade de contrato de concesión de obra pública, o que implica non só a construción da obra por parte do contratista senón tamén a subseguinte explotación percibindo como contraprestación as tarifas dos usuarios do aparcamento (Art. 130-1 da Lei 13/95).

III.- Por outra parte o contrato, en canto á explotación da obra executada, deberá de axustarse ó establecido no art. 162 para os contratos de xestión de servicio público e consecuentemente e con carácter subsidiario, ó establecido no Regulamento de Servicios das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955.

IV.- De conformidade co establecido no artº 159 da Lei 13/95 na súa redacción dada pola Le 53/99 todo contrato de xestión de servicios públicos irá precedido da aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e do réxime xurídico económico e administrativo do contrato, documentos que foron incorporados ó expediente, axustándose ás determinacións do ordenamento xurídico, xa que o seu contido se adecúa á normativa específica do contrato de

obras na súa modalidade de concesión de obra pública cas peculiaridades propias do contrato de xestión de servizos públicos no que afecta á explotación do aparcamento (artº 120 Lei 13/95, artº 130 e 162 da citada Lei na súa redacción dada pola Lei 53/99) polo que se informa favorablemente, estimándose ademais que o réxime xurídico do servizo se adecúa igualmente ás determinacións da Lei.

V.- En os anteproxectos de execución e de explotación das obras precisas, redactado polo Enxeñeiro municipal, defínense as bases técnicas precisas para a elaboración do proxecto, execución das obras e a súa posterior explotación, quedando delimitado os obxectivos pretendidos pola Administración municipal, dándose cumprimento ó esixido no artº 159.2 e 125.2 da Lei 13/95 modificada pola Lei 53/99.

VI.- De conformidade co establecido no artº 129.1 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, acredítase no expediente a plena dispoñibilidade dos terreos, estando incorporadas ó mesmo as fichas do Inventario correspondentes á rúa General Gutiérrez Mellado e praza de España, se ben deberá procederse a efectuar o acta de replaneo das obras, debendo solicitarse a preceptiva autorización de Patrimonio para a execución das obras da praza de España.

VII.- Corresponde o Pleno da Corporación a aprobación da forma de xestión dos servizos públicos segundo establece o art. 22-1-f) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 de 21 de abril e artº 64.2 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, esixíndose para a validez do acordo o voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación por esixencia do art. 47-3-e) da Lei 7/85.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular), que representa a maioría absoluta legal do número dos seus membros, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-la iniciativa económica municipal de proceder á construción e explotación de dous estacionamentos subterráneos na rúa General Gutiérrez Mellado e na praza de España, na súa modalidade de concesión de obra pública consonte cos parámetros establecidos no anteproxecto das obras, no anteproxecto da explotación e no réxime xurídico do servizo.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó expediente de contratación da concesión de obra pública consistente na "CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DE DOUS APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS NO SUBSOLO DA RÚA GENERAL GUTIÉRREZ MELLADO E PRAZA DE ESPAÑA" e, en consecuencia, tamén apróbanse os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, dispoñendo a apertura do procedemento aberto para a súa adxudicación, mediante concurso.

TERCEIRO.- Someter a información pública que o anteproxecto das obras, o anteproxecto da explotación, réxime xurídico (regulamento do servicio) e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días naturais, contados a partir do día seguinte ó da data de publicación, durante o cal poderán formularse observacións e suxestións por particulares e entidades, as cales, de se-lo caso, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación. De non formularse alegacións o acordo adoptado será definitivo.

CUARTO.- Transcorrido o prazo de información pública sen reclamacións o, se é o caso, resoltas estas polo Pleno da Corporación a Alcaldía disporá o anuncio da licitación pública conforme a documentación aprobada

ASUNTO URXENTE.-

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación do seguinte asunto:

APROBACIÓN DEFINITIVA DE LA MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL P.G.O.U. PARA CONCRETAR LAS DETERMINACIONES DE EDIFICABILIDAD QUE CONTIENEN LAS FICHAS DE SUS UNIDADES DE ACTUACIÓN CON PLANEAMIENTO DE DESARROLLO POR P.E.R.I.S. Y SU NUEVA REGULACIÓN.

Examinado el expediente administrativo incoado por esta Administración Municipal para la Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Urbana con el fin de concretar las determinaciones de edificabilidad que contienen las fichas de sus Unidades de Actuación con planeamiento de desarrollo por Planes Especiales de Reforma Interior y su nueva regulación, esta Secretaría General, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 3º.b) del Real Decreto 1174/1987 que impone al Secretario de la Corporación el deber de informar preceptivamente en aquellos asuntos cuya aprobación exija una mayoría especial como son los Planes e instrumentos de ordenación urbanística y sus modificaciones, por imperativo del art. 47.3.i) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local y art. 54.1.b) del Texto Refundido de Disposiciones en materia de Régimen Local, Real Decreto 781/86, emite el siguiente informe:

RESULTANDO acreditados los siguientes

HECHOS:

1º.- El Pleno de la Corporación, en la sesión del 10 de junio de 1999, acordó prestar aprobación, con carácter inicial, al proyecto de Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Urbana, formulado por esta Administración Municipal y redactado por el Arquitecto Jefe de su Servicio Municipal de Gestión y Disciplina Urbanística (actual Oficina Técnica Municipal de Planeamiento y Gestión Urbanística) con la finalidad de concretar las determinaciones de edificabilidad contenidas en las fichas de sus unidades de actuación remitidas a planeamiento de desarrollo por Planes Especiales de Reforma Inte-

rior, acto adoptado en los términos de un informe previamente emitido por el Excmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de la Xunta de Galicia y datado el 3 de junio, con las modificaciones resultantes en su caso de las observaciones contenidas en él.

